EXPEDIENTE 2025/G010/000011. PLENO SESIÓN EXTRAORDINARIA DE MOCIÓN DE CENSURA 12 DE AGOSTO DE 2025.

ACTA Nº 2025/12

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN – MOCIÓN DE CENSURA.

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro

Data: martes 12 de agosto de 2025

Hora de comezo: 12.00 horas

Hora de remate: 12.50 horas

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
JESUS JOSE REBOREDO GONZALEZ (alcalde-presidente)
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUAREZ MILLAN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
JOSE LUIS RAMOS BARREIRO
EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)
JESUS MARTINEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

Concelleiro non adscrito
DARÍO REY SUAREZ

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

En Touro, sendo as doce horas do día 12 de agosto de 2025, reúnenese no salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Touro, previa citación en regla por medios electrónicos dos/as Concelleiros/as arriba transcritos, ao obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión do Pleno, convocada para o día de hoxe, á que asiste o secretario-interventor, que da fe do acto.

Punto Único: MOCIÓN DE CENSURA CONTRA O ACTUAL ALCALDE D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE.

O secretario-interventor manifesta o seguinte:

PRIMEIRO. Lectura da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeneral. Artigo 197

1. O Alcalde pode ser destituído mediante moción de censura, cuxa presentación, tramitación e votación rexerase polas seguintes normas:

a) A moción de censura deberá ser proposta, polo menos, pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación e haberá de incluír un candidato á Alcaldía, podendo selo calquera Concelleiro cuxa aceptación expresa conste no escrito de proposición da moción.

No caso de que algún dos propoñentes da moción de censura formase ou formase parte do grupo político municipal ao que pertence o Alcalde cuxa censura se propón, a maioría esixida no parágrafo anterior verase incrementada no mesmo número de concelleiros que se atopen en tales circunstancias.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: q4kOHmsgO1S9vY3dFG4U Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Hai que ter en conta que se declara a inconstitucionalidade e nulidade do parágrafo segundo do apartado 1.a), co alcance establecido no fundamento xurídico 6, na redacción dada polo art. Único. 57 da Lei Orgánica 2/2011, do 28 de xaneiro, por Sentenza do TC 134/2025, do 10 de xuño. Publicada no BOE nº 168 do 14 de xullo de 2025

Este mesmo suposto será de aplicación cando algún dos concelleiros propoñentes da moción deixase de pertencer, por calquera causa, ao grupo político municipal ao que se adscribiu ao comezo do seu mandato.

Téñase en conta que se declara a inconstitucionalidade e nulidade do parágrafo terceiro do apartado 1.a), co alcance establecido no fundamento xurídico 8, por Sentenza do TC 151/2017, do 21 de decembro. Publicada no BOE nº 15 do 17 de xaneiro de 2018.

b) O escrito no que se propoña a moción de censura deberá incluír as firmas debidamente autenticadas por Notario ou polo Secretario xeral da Corporación e deberá presentarse ante este por calquera dos seus asinantes. O Secretario xeral comprobará que a moción de censura reúne os requisitos esixidos neste artigo e estenderá no mesmoacto a correspondente dilixencia acreditativa.

c) O documento así dilixenciado presentarase no Rexistro Xeral da Corporación por calquera dos asinantes da moción, quedando o Pleno automaticamente convocado para as doce horas do décimo día hábil seguinte ao do seu rexistro. O Secretario da Corporación deberá remitir notificación indicativa de tal circunstancia a todos os membros da mesma no prazo máximo dun día, a contar desde a presentación do documento no Rexistro, para os efectos da súa asistencia á sesión, especificando a data e hora da mesma.

d) O Pleno será presidido por unha Mesa de idade, integrada polos concelleiros de maior e menor idade dos presentes, excluídos o Alcalde e o candidato á Alcaldía, actuando como Secretario o que o sexa da Corporación, quen acreditará tal circunstancia.

e) A Mesa limitarase a dar lectura á moción de censura, constatando para poder seguir coa súa tramitación que nese mesmo momento mantéñense os requisitos esixidos nos tres parágrafos do apartado a), dando a palabra, no seu caso, durante un breve tempo, se estiveren presentes, ao candidato á Alcaldía, ao Alcalde e aos Portavoces dos grupos municipais, e a someter a votación a moción de censura.

SEGUNDO. De acordo coa letra d) do citado precepto art. 197 da LOREG, por parte desta secretaría constátase que os Concelleiros de maior e menor idade son respectivamente:

- D. Alfredo Souto Castelo

- D. José Luís Ramos Barreiro

Polo que se ***constitúe a Mesa de idade****, composta polos concelleiros de maior e menor idade respectivamente, actuando como Secretario o da Corporación. Preside a Mesa de Idade o concelleiro D. Alfredo Souto Castelo.*

Constituida Mesa de Idade, pola Secretaría ***verifícase que a moción de censura cumpre cos requisitos esixidos no artigo 197 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño*** *tal e como se acredita mediante DILIXENCIA expedida pola Secretario accidental en data 29 de xullo de 2025. A sinatura dos concelleiros está debidamente autenticada, incluíndo a moción como candidato á Alcaldía a D. Jesús José Reboredo González, cuxa aceptación consta expresa no escrito de presentación da Moción. Requisitos que afirma a Secretaria se manteñen neste mesmo intre.*

TERCEIRO. ***Procédese a continuación á lectura da Moción de Censura*** *presentada en data 29 de xullo de 2025, con rexistro de entrada nº 202500000000687 ás 13.36 horas asinada por seis concelleiros (D. Jesús José Reboredo González, D. Alfredo Souto Castelo, Dª. Rebeca María Codesido Barreiro, Dª. María del Carmen Carreira Tojo, Dª Isolina Suárez Millán e D. Darío Rey Suárez), por parte do secretario-interventor a petición do Presidente da Mesa de Idade, que literalmente di o seguinte:*

Jesús José Reboredo González, Rebeca María Codesido Barreiro, Alfredo Souto Castelo, Isolina Suárez Millán e María del Carmen Carreira Tojo, concelleiros do grupo municipal do Partido Popular, e Dario Rey Suárez, concelleiro non adscrito, membros da Corporación municipal de Touro, ó abeiro do disposto no artigo 197.1 da Lei orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do réxime electoral xeral, en adiante LOREX (conforme ó texto vixente despois da Sentenza do Tribunal Constitucional 134/2025, do 10 de xuño (BOE nº 168 do 14 de xullo)), presentan a seguinte moción de censura contra o actual

CVD: q4kOHmsgO1S9vY3dFG4U Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Alcalde-Presidente, D. Roberto Castro Rocamonde, en base ás consideracións políticas que a motivan.

CONSIDERACIÓNS POLÍTICAS

Como representantes da veciñanza e no lexítimo exercicio das nosas funcións como membros da Corporación Municipal, manifestamos a perda de confianza política no actual alcalde, D. Roberto Castro Rocamonde, polos seguintes motivos:

1. Acordo de reprobación do Alcalde, adoptado en pleno extraordinario celebrado o 2. 3. 4. pasado día 7 de xullo, por seis votos a favor, unha abstención e catro votos en contra, en base, entre outros, ós feitos que se relacionan de seguido:

- Negarse a tramitar a aprobación dos orzamentos municipais correspondentes ós exercicios 2024 e 2025, estando en vigor o orzamento prorrogado do ano 2022.

- Negarse a executar os acordos adoptados polo pleno a iniciativa dos grupos municipais da oposición.

- Provocar a perda dos fondos asignados ó Concello polo Plan provincial de obras e servizos 2025 da Deputación Provincial (753.250 euros).

- Incumprimento reiterado da normativa en materia de contratos menores.

- Descontrol absoluto na xestión das obras municipais, con incumprimentos dos prazos de execución e de xustificación das subvencións con que se financian, levando en algúns casos á perda da subvención.

2, Incumprimento reiterado do seu programa electoral, en materias como o medio ambiente e os servizos sociais.

3. Deterioro dos servizos públicos locais, do que o exemplo máis recente foron os cortes de auga do pasado mes de xuño, deixando sen auga durante dous días ós veciños de Fonte Díaz e das parroquias de Beseño, Turces, Circes, Calvos e Santiso, sen avisos previos nin xustificación posterior.

4. Ausencia de diálogo cos grupos municipais e incapacidade absoluta para conseguir acordos puntuais sobre os asuntos máis urxentes e importantes para os veciños, pretendendo gobernar o concello co apoio de só catro concelleiros dos once Corporación.

Co acordo para a presentación da moción de censura, subscrito entre os concelleiros do grupo municipal do Partido Popular e o concelleiro non adscrito, Darío Rey Suárez, pretendemos desenvolver o programa de goberno pactado nos dous anos que restan de lexislatura, cuxas liñas fundamentais son as seguintes:

1. Devolver á normalidade democrática ó goberno e a administración municipal, formando un goberno que conte co apoio da maioría da Corporación.

2. A creación dunha comisión informativa de medio ambiente, que ditaminará todos os acordos relacionados coa problemática xerada polas actividades que se desenvolven nos terreos da antiga mina e co proxecto da nova mina.

3. A contratación dunha consultora independente e especializada en temas de minería, para o asesoramento técnico e xurídico do Concello e dos veciños afectados.

4. Mellorar os servizos sociais, especialmente o servizo de axuda no fogar (do que se realizará un estudo sobre a viabilidade da súa municipalización), e promover a creación dun Centro de Día.

5. Mellora das infraestruturas municipais:

- Mellora integral do abastecemento municipal de auga

- Reparación da piscina municipal

- Mellora e mantemento das infraestruturas deportivas

- Programa de mantemento e rehabilitación dos núcleos rurais

- Plan anual de limpeza das vías municipais, desligado da celebración das festas parroquiais

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: q4kOHmsgO1S9vY3dFG4U Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Plan anual de limpeza de roteiros de sendeirismo e áreas recreativas

6. Nova regulación das subvencións municipais, mediante unha normativa clara e transparente. Incremento das subvencións para as festas parroquiais a 700 euros.

7. En Educación, Cultura e Deporte: Manter e potenciar as actividades que se veñen realizando, coa recuperación dalgunhas das actividades eliminadas polo goberno actual.

8. En Turismo: Impulsar o turismo na ribeira do Ulla e demandar a Xunta de Galicia o recoñecemento oficial do trazado galego da ruta Eurovelo3 como ruta de peregranación válida.

9. Patrimonio: Potenciar os xacementos arqueolóxicos do Castrillón e Coto de San Sebastián. Restauración do Cruceiro de Calvos.

10. Recuperación das escolas municipais para destinalas a usos sociais, vivenda social ou proxectos comunitarios.

11. O acordo de goberno completo é público, xa foi dado a coñecer ós medios de comunicación e será publicado polas partes asinantes.

FUNDAMENTOS XURIDICOS:

PRIMEIRO.- A presente moción de censura subscríbena SEIS concelleiros da Corporación de Touro, que representan a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación Municipal.

SEGUNDO.-As/os concelleiros/as que subscriben a moción de censura propoñen a Jesús José Reboredo González como Alcalde do Concello de Touro.

TERCEIRO.- O candidato proposto, Jesús José Reboredo González, acepta expresamente esta designación coa firma da presente moción de censura.

CUARTO.- Esta moción de censura, preséntase ante o Secretario Xeral da Corporación ós efectos de autenticación das firmas das/os concelleiras/os que subscriben opresente escrito e acredite que a moción de censura reúne os requisitos esixidos polo artigo 197 da LOREX.

En base ás consideracións políticas e fundamentos xurídicos expostos, presentamos a presente moción de censura contra o Alcalde-Presidente, D. Roberto Castro Rocamonde, propoñendo como candidato á Alcaldía a D. Jesús José Reboredo González, actual concelleiro desta Corporación, conforme esixe o artigo 197.1 da LOREX

E na súa virtude,

SOLICITAMOS que se admita a trámite esta moción de censura e se proceda, conforme ás normas invocadas, o seu debate e votación en Pleno extraordinario convocado a tal efecto para as doce horas do décimo día hábil seguinte ó do seu rexistro.

En Touro, 29 de xullo de 2025.

ACEPTACIÓN DA PROPOSTA PARA O CARGO DE ALCALDE DO CONCELLO DE TOURO

*Jesús José Reboredo González, con DNI ***1519**, concelleiro do grupo municipal Partido Popular, acepto a proposta para o cargo de Alcalde do Concello de Touro.*

CUARTO. **Turno de palabra:**

Toma a palabra o candidato á alcaldía Jesús José Reboredo González dicindo que esta moción de censura é a consecuencia directa e lóxica do Pleno de reprobación celebrado o pasado sete de xullo que foi aprobada por seis votos, unha abstención e catro votos en contra. Pretendemos dar unha alternativa de goberno aos veciños dado que a actual situación é insostible, no sentido de que non se pode gobernar con só catro concelleiros dos once da corporación. Pretendemos consittuír un goberno, chamémoslle de emerxencia porque a situación actual obríganos a esto. O exercicio da moción de censura pola nosa parte é un exercicio de responsabilidade, non ten sentido que estemos denunciando a mala xestión da alcaldía durante estes dous anos que levamos de lexislatura, a falla de iniciativas, a incapacidade para dialogar, se tendo o recurso legal da moción de censura non ofreceramos esta alternativa de goberno en parte seriamos corresponsables das actuacións do actual goberno que vimos denunciando e criticando.

En canto aos fundamentos acábanse de expoñer os máis importantes, referindo un que no momento da redación da moción de censura todavía non coñeciamos, o día 24 de xullo o Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 da Coruña dictou unha sentencia que se nos notificou o día 30, en relación co que foi ao noso entender un dos maiores abusos de poder do actual alcalde, coa miña expulsión do Pleno o 9 de novembro de 2023, sen cumprir ningún dos requisitos establecidos pola normativa, coa finalidade concreta de que o alcalde puidera decidir sobre o seu soldo co voto de calidade, resumo o

CVD: q4kOHmsgO1S9vY3dFG4U Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

fallo da Sentenza que declara a nulidade radical da orde da miña expulsión, a nulidade radical dos acordos adoptados ese día e a obriga de repetir o pleno celebrado ese día con todos os concelleiros presentes, dicir que é unha sentenza en primeira instancia, xa se verá se é apelada e a forma de executala, traigo como un exemplo do abuso de poder do actual alcalde.

Fai referencia ao tema do orzamento, que o alcalde actual se negou a tramitar, non so se incumpre a lei senón vai en contra de toda a lóxica política que un goberno non queira plasmar nos orzamentos os seus proxectos, iniciativas, promesas electorais.

Alegamos o incumprimento de promesas electorais, entendemos que hai un engano ao vecindario, como foi a contratación do servizo de axuda no fogar cun prego de condicións que nada tiña que ver co prometido, grazas as emendas tanto dos que hoxe subscribimos a moción como do BNG as auxiliares de axuda no fogar disfrutan de mellores condicións salariais e laborais.

Outro asunto grave foi a negativa constante a executar os acordos adoptados no pleno a iniciativa da oposición, incluso algúns co voto a favor do grupo de goberno, incurrindo para nos nunha deixación de funcións evidente.

E o máis grave de todo provocar coa súa actitude a perda dos Fondos do Plan Provincial, somos o único concello de provincia que perdeu eses fondos, privando aos veciños de máis de 753.000 euros en investimentos tanto en obras coma en servizos; supoño que o sr. alcalde nas súas explicacións dirá que nos votamos en contra da proposta da alcaldía, quero deixar claro que nos votamos en contra da chantaxe a que nos quería poñer o alcalde poñendo na balanza intereses dos veciños, se votan en contra da nosa proposta os veciños quedan sen os investimentos, non nos deixamos levar por esa chantaxe, había un acordo con sete votos a favor e ningún encontra cunha serie de proxectos, de propostas, de iniciativas que o alcalde se negou a executar; pensamos que este é motivo máis que suficiente para que deixe a alcaldía e por iso presentamos esta Moción.

Gracias a un pacto de goberno alcanzado entre o grupo popular e o concelleiro Darío Rey, pacto público, en base a este formulamos a moción de censura e imos constituír un goberno para executar todo o que figura nese pacto nos dous anos de lexislatura que quedan. O obxectivo da moción é dar unha alternativa de goberno que devolva a normalidade democrática ao Concello expoñendo distintas cuestión referíndose aos problemas co abastecemento municipal de augas que non teñen explicación de ningún tipo, dous anos de lexislatura sen ningunha iniciativa relatando os problemas do servizo. Un goberno basado nunha maioría, nun programa de goberno público, este e o obxectivo fundamental desta moción de censura.

A continuación toma a palabra o actual alcalde, Roberto Castro Rocamonde, primeiramente pide desculpas ao socio de goberno, a Jesús Martínez e ao Partido Galego de Touro porque fallamos nos, o Movemento Veciñal, por incluír no seu día unha persoa que logo resultou politicamente indesexable.

Neste intre abandona a sesión o Concelleiro non adscrito Darío Rey.

Continúa o Sr. Roberto Castro dicindo que pide desculpas á veciñanza porque nos, Movemento Veciñal, trouxemos á política unha persoa que resultou que tiña uns intereses económicos persoais que loxicamente son contrarios aos obxectivos do Movemento Veciñal, asumimos esa responsabilidade, o erro; creo que estamos pagando ese erro demasiado caro, pero a Lei Electoral e novo pronunciamento do Tribunal Constitucional permiten a maniobra que se está executando hoxe aquí, que valida o cambio de goberno que se vai producir.

Por outro lado, o futuro alcalde adicou once minutos a remexer mentiras, medias verdades e falsedades co fin de tratar de vestir e xustificar isto, incluso falaba de emerxencia, cando é así cun par de frases queda perfectamente aclarada, eso xa ilustra a falla incluso dun envoltorio que sustente esta maniobra; pero explícollo eu moi sinxelo, de porque hoxe estemos aquí nesta moción de censura, explícase cunha regla simple de mercado, hai un elemento que se somete a venda e hai un grupo disposto a comprar, durante este ano e pico o concelleiro agora non adscrito e que accedeu a súa acta cos votos da veciñanza en apoio de Movemento Veciñal, adicouse a fabricación de bulos e nunca explicou cales eran as desavenencias co Movemento Veciñal e co grupo de Goberno; estas son e foron estritamente económicas, un obxectivo persoal deste concelleiro de mellorar a súa

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: q4kOHmsgO1S9vY3dFG4U Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

situación persoal económica, móstrase aquí agora que hai unhas avenencias do lado xustamente contrario, co cal, parece que hai un fío conductor perfectamente nítido.

Por mencionar algunhas das cuestións cas que pretenden xustificarse esta moción de censura, falan da creación dunha comisión informativa de medio ambiente, xa sabemos para que serven as comisión informativas, neste caso para que cada un dos membros que asiste cobre cento cincuenta euros porque tanto e así que na comisión informativa que se tratou o POS do ano 2025, aprobouse a participación e a proposta que traía o goberno, logo o PP e o concelleiro agora non adscrito, resulta que no Pleno votaron en contra.

Falan da contratación dunha consultora independente, no tema da mina, Movemento Veciñal está en contra, xa que nos no goberno contratamos unha consultora de parte de quen a paga que son os veciños a través do Concello, para a defensa dos veciños e veciñas, non na raia do medio como se pretende nesta proposta.

Falan dun plan anual de limpeza de roteiros de sendeirismo e áreas recreativas, se cadra, os concelleiros do PP cando asinaron esta medida, descoñecíana, seguro que é unha proposta do concelleiro non adscrito porque foi algo que lle quixo colar o goberno no seu día para formar parte da súa estructura, do seu chiringuinto económico.

A nosa chegada ao goberno hai dous anos, non foi para nada facilitada, nos si imos facer unha transmisión de goberno facilitada, non somos coma os que van vir nin coma os que estiveron antes, a pesar diso e do bloqueo ao que se someteu a este alcalde durante meses, contrariamente o que se cita na moción acadamos neste momento un control absoluto da execución das obras, execútanse en prazo e cando non se executan en prazo, ábrense as penalidades que corresponden conforme á Lei, hai un control como nunca houbo neste Concello nos trinta anos precedentes.

Acadamos converter unha administración viciada nunha administración dentro da legalidade, cuestións significativas son os procesos de selección de persoal que agora son con criterios obxectivos e non traxes a medida ou aquelas famosas entrevistas, penso que estas modificacións viñeron para quedar afortunadamente, son procesos totalmente obxectivos.

Voulle falar. efectivamente, do seu voto negativo ao POS, que son os mesmos que promoven esta moción, unha estratexia que tiñan totalmente estudiada. O alcalde co asesoramento pertinente tentou por todos os medios que os veciños e veciñas de Touro non perdesen eses recursos e froito diso e desa aprobación do Plan por Decreto, os veciños de Touro a día de hoxe non teñen perdidos eses recursos, senón que a resolución da Deputación di que estes 753.000 euros que lle correspondían no 2025 van a ser reinvertidos na achega do ano seguinte. Os veciños e veciñas poden ter a tranquilidade de que o POS futuro vai ser aprobado porque o Movemento Veciñal non vai votar nunca en ningún caso en contra da aprobación do POS nin de investimentos para o Concello, incluso no caso que non responda ás necesidades do Concello, ímonos abster.

Unha cuestión que o PP estivo reiterando e amenazando con non aprobar as modificacións de crédito se foran necesarias para dotar de recursos ao SAF, poñendo en alerta á empresa, traballadoras e persoas usuarias; dixo reiteradamente en Pleno que non ía aprobar estas modificacións; a todos os afectados que acabo de citar van a ter a seguridade de que as vai a haber se son necesarias porque Movemento Veciñal de Touro vai votar a favor.

Aproveito para dar as gracias á veciñanza que nos depositou a confianza e que no la deposita e que nos traslada todo o seu apoio, gracias a Elena de Andeade pola loita contra a mina, gracias a aqueles traballadores que se partiron o lombo por con dificultades sacar adiante os asuntos e os traballos durante estes dous anos.

Reincorpórase á sesión o Concelleiro non adscrito Darío Rey.

Toma a palabra o voceiro do BNG, Sr. Xoan Louzao dicindo que fai dous anos efectivamente os veciños e veciñas de Touro votaron por un cambio e produciuse ese cambio apoiado polo BNG que lle deu o seu voto ao actual alcalde, porque aínda que Movemento Veciñal de Touro e BNG son forzas moi distintas, si é certo que había cuestións comúns na diagnose e problemas que había no Concello e tamén solucións que se debían tomar para o que era necesario desbancar ao PP do poder e iso foi o que fixemos, démoslle a alcaldía, non entramos no goberno, non está de máis recordar, porque a negociación foi entre Movemento Veciñal e o Partido Galego, algo completamente lícito, pero se nos aparta e non entramos onde se nos quere nin e nos respecta. A realidade despois desa

CVD: q4kOHmsgO1S9vY3dFG4U Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

toma de posesión cambiou bastante, todas aquelas ilusións que se crearon en maio de 2023 se desvaneceron, porque se importante é o que se fai máis o é o como se fai. Esas posibles semellanzas entre Movemento Veciñal e BNG eran no papel porque na práctica a forma de facer a política non coincidían en absoluto; aquí houbo unha forma de gobernar que se caracterizou por calificativos que non son precisamente benévolos, que non o vou repertir porque hoxe non é o momento de facelo, xa o fixen no seu momento, unha forma de gobernar plenipotenciaria cando estaba en minoría; pero pese a todo eso, o BNG nunca fixo unha oposición de bloqueo, nin de opoñerse a aquelo que era positivo para o Concello e de presentar 33 Mocións neste dous anos, eso da un idea do papel que facía o BNG. O BNG estaba na oposición, pero facía propostas en positivo e votaba a favor de todo aquelo que consideraba positivo para o Concello, lonxe de loitas partidistas que nada benefician ao Concello.

O pasado mes de xullo cando o PP presentou ese pleno de reprobación e dimisión do alcalde, o BNG abstívose porque se ben dixemos que había razóns para reprobar ao alcalde tamén é verdade que a alternativa ao alcalde é o goberno do PP, e levounos vinte anos derrotar ao PP, e como sabemos o Bloque e o PP teñen un modelo de país moi diferente e iso para nos é moi importante, abstivémonos porque considerabamos que había que darlle un toque de atención ao actual goberno, que aprendera dos erros, que mirara cara onde ía e que rectificara; para intentar consolidar unha alternativa ao PP en Touro e aí o Bloque sempre estivo e sempre vai estar; pero xa non houbo tempo e chegamos a este punto e digo que se alguén se considera Julio César o que non che pode sorprender é que che saia un Décimo Xuño Bruto, iso xa o explicou a historia sempre, iso foi o que pasou e o que hoxe nos trae aquí. Non se sorprende ninguén se digo que o BNG non vai votar a favor da Moción, basicamente por tres razóns:

- Moción lícita pero ética, dubidosamente ética porque está basada no transfuguismo, iso é unha realidade, basado nun pacto entre o concelleiro non adscrito e o PP é que en teoría eran ideoloxicamente moi contrarios e principios moi diferentes. Os principios son importantes tanto na vida como na política e determina a forma de como se vai gobernar.

- Un dos argumentos que se utiliza é o da loita contra a mina, ninguén cree que o PP vai cambiar a súa postura sobre a mina, é verdade que o actual goberno se puxo de perfil, pero o PP púxose detrás empurrando, unha cousa non leva a contraria. Digo que se puxo de perfil, porque iniciativa, iniciativa non tomou ningunha, de feito algunhas das que tomou foi porque o Bloque as trouxo aquí ao Pleno, cinco mocións respecto da mina, unhas executáronse outras non se apoiaron ou a famosa pancarta colocada nun lugar que non se ve cun texto que non se ve. Cando se está en contra nunha cuestión tan trascendente como este tense que notar; de aí a dar o salto de que o PP vai ir en contra da mina é puro delirio, de feito nestas cinco mocións o PP votou en contra, é dicir estivo a favor da mina e incluso presentou unha propoñendo un acordo entre o Concello e Cobres San Rafael, é dicir, non pretendamos enganar e que o PP se vai poñer do lado dos que estamos en contra da mina; de feito o propio texto é o suficientemente ambiguo para que vala para as dúas cousas. Non hai ningunha frase contundente contra a mina, e non podemos crer que a liña do goberno municipal que vai salir desta moción, nesta cuestión a vai marcar o Concelleiro non adscrito nin esa Comisión e moito menos podemos crer que o concelleiro non adscrito vai facer cambiar de postura ao PP; onde antes dicía si a mina agora vai decir non a mina. Está ben como xustificación, pódelle valer a quen queira, pero é unha xustificación estéril e na práctica se verá que non vale para nada.

- Unha terceira cuestión, que é a máis clara, que nos leva a votar en contra desta Moción que é que aquí non se vai votar a unha persoa senón que se vai votar a unhas siglas, a un partido político e a un modelo político e a unha forma de gobernar e a un proxecto, iso é o que se vai votar. E vaise votar a un partido político que está condenado por corrupción, que se abraza á ultradereita, que criminaliza aos imigrantes, por poñer algúns exemplos, non se vai votar so persoas, senón siglas, organizacións que representan o que representan.

Nos en coherencia imos votar en contra desta Moción, temos un modelo de país e de Concello que non é o do PP. O BNG leva toda a vida loitando para que non gobernara o PP durante vinte anos non nos imos desdecir en dous anos.

Tanto o voceiro do Partigo Galego Jesús Martínez como o Concelleiro non adscrito Darío Rey

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: q4kOHmsgO1S9vY3dFG4U Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

declinan tomar a palabra.

Finalizado o turno de intervencións procédese **á votación da Moción de Censura mediante o sistema de chamamento nominal, dacordo co disposto no artigo 22.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local.**

A tal efecto os concelleiros, o ser chamados pola Secretaria deberán manifestar o sentido do seu voto respondendo en voz alta SI, NON, ou ABSTENCIÓN.

Apelidos e nome	SI	NON	ABSTENCIÓN
Blanco Lois Emma		**X**	
Carreira Tojo María del Carmen	**X**		
Castro Rocamonde Roberto		**X**	
Codesido Barreiro Rebeca María	**X**		
Louzao Rodríguez Xoan Antonio		**X**	
Martínez Pereira Jesús		**X**	
Ramos Barreiro José Luís		**X**	
Reboredo González Jesús José	**X**		
Rey Suárez Darío	**X**		
Souto Castelo Alfredo	**X**		
Suárez Millán Isolina	**X**		

A vista do resultado da votación, e por tanto tendo obtido o voto favorable de seis concelleiros, maioría suficiente legalmente para que prospere a moción de censura, a Mesa de Idade, declara aprobada a Moción de Censura e proclama alcalde-presidente do Concello de Touro a Jesús José Reboredo González.

A continuación a Mesa de Idade procede a darlle posesión do cargo de Alcalde a D. Jesús José Reboredo González requeríndolle para que xure o cargo coa fórmula de xuramento ou promesa recollida no Real Decreto 707/1979 de 5 de abril.

D. Jesús José Reboredo González manifesta que “xura pola súa conciencia e honra, cumprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde Presidente do Concello de Touro, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

Polo que a Mesa de Idade o declara en posesión do cargo de Alcalde Presidente do Concello de Touro, disolvéndose no acto e pasando a presidir a sesión D. Jesús José Reboredo González tomando a palabra agradecendo a confianza dos Concelleiros que apoiaron a miña candidatura para este cargo, un compromiso persoal a partir de mañá mesmo de poñer a alcaldía a disposición de todos o veciños e veciñas, en canto aos compromisos de execución do programa electoral pactado co concelleiro Darío Rey xa manifestados que imos desenvolver ao lardo destes dous anos que quedan de lexislatura e dado que o formato ven establecido pola Lei Electoral e non imos abrir debate co que aquí se dixo pero si lle anuncio aos grupos municipais e a veciñanza que no primeiro pleno ordinario de setembro o primeiro punto da orde do día vai ser explicación do voto de moción de censura, porque aquí hoxe dixéronse cousas que necesitan de aclaracións, explicacións e xustificacións. Da as grazas desexando ter éxito nesta responsabilidade.

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 12.50 horas do 12 de agosto de 2025.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

CVD: q4kOHmsgO1S9vY3dFG4U Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

José López González, secretario-interventor
Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: q4kOHmsgO1S9vY3dFG4U Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.